

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

24 de marzo de 2020

REXISTRO SAÍDA Nº 38

Excmo. Sr. Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia

D. Jesús Vázquez Almuiña
Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n
15781, Santiago de Compostela
A Coruña

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2020

Estimado Conselleiro:

Desde o Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia –Consello Galego– que representa a todos os protésicos dentais da nosa Comunidade Autónoma, queremos agradecerlle o duro traballo que está levando a cabo ante esta pandemia que estamos padecendo, e ao mesmo tempo expoñerlle o seguinte:

1º- Como profesionais sanitarios que somos, comunicámoslle o noso ofrecemento de colaboración e contribución ante a situación tan complexa que para o Goberno da nosa Comunidade está supoñendo a xestión desta crise, e poñémonos á súa disposición así como á do Ministerio de Sanidade, para todo o que considere oportuno e necesario. O noso compromiso coa Sanidade de Galicia é total.

2º- Debido ao "*estado de alarma*" decretado, pero tamén pola **ausencia dun Decreto específico** que regule claramente as actividades permitidas, así como aos últimos datos de expansión e virulencia desta enfermidade. Desde este Colexio Profesional, e debido á enorme inxerencia existente no noso colectivo, solicitámoslle se emita Decreto coa finalidade de conter, si prosiguen as nosas actividades, á propagación do COVID-19, Declarando a suspensión cautelar de actividades e peche dos laboratorios de protese dental na nosa comunidade, durante o tempo que fora prudentemente necesario nesta crise. As condicións nas que se están realizando as nosas actividades, si ben como profesionais sanitarios, en medio dun desabastecimento de material de prevención e medios de protección, que poñen en risco continuado a saúde do noso colectivo profesional.

Atendendo ao anterior, solicitámoslle encarecidamente valore, e no seu caso, transmita ao Ministerio de Sanidade, tal e como xa procedeu a facer en días anteriores o noso Consello Xeral de Colexios de Protésicos Dentais de España, a urxencia de establecer un **Decreto específico que regule a actividade dos laboratorios dentais**, no que se **estableza o peche obrigatorio** por forza de causa maior ao non poder garantir todas as medidas de seguridade.

Reiterámoslle a nosa total colaboración e predisposición co único obxectivo de salir de esta crise da maneira mais saudable para todos.

Atentamente,

Avelino J. Sanmartín Caamaño
Presidente do C.O.P.D.G.